



BASES PARA O I CONCURSO DE ORNAMENTACION DE BALCONS E FIESTRAS NA VILA DE PORTOMARIN 2016

CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

PRIMEIRA.- Mediante este concurso preténdese chamar a atención sobre os beneficios socio ambientais da recuperación dos balcóns e fiestras como elementos vivos da Vila, porque detrás de cada balcón ornamentado existe unha contribución cidadá a mellora estética dunha rúa e edificio; a mellora da calidade ambiental; e sobre todo, a mellora da relación veciño-entorno urbán mediante un único espazo que é privado, pero que podemos disfrutar todos, veciños e turistas.

SEGUNDA.- No certame poderán participar todos aqueles particulares que dispoñan de balcóns ou fiestras que reúnan as condicións mínimas necesarias para ser decorados ornamentalmente con flores e plantas. O alcance do concurso será o casco urbano do concello de Portomarín. Poderán inscribirse ata o día 15 de xuño de 2016 no rexistro da Casa do Concello de Portomarín, segundo modelo existente onde se indica o nome, apelidos e DNI do participante, xunto co enderezo dos balcóns participantes.

TERCEIRA.- Ó concurso celebrarase durante os meses de xuño, xullo e agosto do ano 2016, período durante o cal o Xurado realizará visitas periódicas valorando entre outros aspectos:

1. Ó estado de conservación e mantemento do balcón
2. A orixinalidade da ornamentación.
3. A composición florística e ordenamento.
4. A variedade, calidade e perdurabilidade florística.
5. A innovación de especies e elementos accesorios tales como Xardineiras, colgantes, etc....

CUARTA.- Ó Xurado cualificador estará integrado por:

1. Un representante do Concello de Portomarín.
2. Dous profesionais do sector da Xardinería.

Os membros do xurado non poderán participar no concurso.

Ó Xurado cualificador fará público o resultado do concurso durante a primeira quincena do mes de setembro no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.concellodeportomarin.es.

Ó fallo do xurado será inapelable, podendo o mesmo declarar desertos todos ou algún dos premios previstos por falta de calidade suficiente.

QUINTA.- Establécense tres premios cuxa contía económica estará dotada con:

1. Primeiro premio: 150 € y diploma acreditativo
2. Segundo premio: 100 € y diploma acreditativo
3. Terceiro premio: 50 € y diploma acreditativo

Los premios se entregarán no Salón de Plenos del Excmo. Concello de Portomarín en data a concretar.

SEXTA.- Ó feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación de todas e cada unha das bases.

En Portomarín, 30 de Maio de 2016
O Alcalde

Juan Carlos Serrano López



Praza Condese de Fenosa S/N
27170 Portomarín
Tlf: 982545070
Fax: 982545104